

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 1138/2023

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Concesión de Subvencións

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o disposto nas Bases de Execución do Orzamento prorrogadas para o exercicio 2023 para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

Tendo en conta que as bases de execucion do orzamento para o exercicio 2022 recollen na base 28ª o réxime de subvencións outorgadas polo concello de mondariz e que sinala expresamente: (...)“Estas normas teñen a consideración de bases xerais reguladoras das subvencións concedidas polo Concello de Mondariz, segundo definición establecida no apartado 1, sen prexuízo das particularidades que detallen as convocatorias específicas” (...).

Vista a necesidade de promover as actividades culturais, deportivas e sociais no noso municipio en aras do interés público da nosa comunidade, se considera conveniente efectuar a convocatoria de devanditas subvencións en favor de entidades que que invirtan en equipamento ou desenvolvan actividades culturais que contribúan ó fomento dos interés xerais ou sectoriais da veciñanza do Municipio de Mondariz durante ano 2023.

Redactadas as bases reguladoras para a convocatoria de subvencións ás asociacións do ambito municipal, para actividades de interese xeral realizadas durante o ano 2023 e informadas pola Secretaria municipal en data 24/10/23.

Co obxectivo de potenciar e fomentar actividades que melloren e contribúan na participación comunitaria de todos os veciños e veciñas do concello de Mondariz, na realización de actividades de carácter lúdico, social, cultural, deportivo ou de tempo libre..

Constando no Orzamento municipal para o ano 2023 as seguintes aplicacións orzamentarias dotadas de crédito suficiente de acordo co certificado e o informe de fiscalización emitido pola intervención en data 24/10/23:

334 480.01 SUBVENCIONS CORENTES EN MATERIA DE CULTURA
334 780.01 SUBVENCIONS DE CAPITAL EN MATERIA DE CULTURA
338 480.02 SUBVENCIONS PARA FESTAS POPULARES

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e na base 28ª das bases de execución do orzamento para o exercicio 2021:

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións, por procedemento de concorrencia competitiva, ás asociacións do ámbito municipal, para actividades de interese xeral do municipio realizadas durante o ano 2023, co texto que figura no Anexo I da presente Resolución.

SEGUNDO. Aprobar o gasto de 10.000,00 €, á que ascende o importe total máximo da subvención, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e polos importes sinalados a continuación:

APLICACION ORZAMENTARIA	GASTO APROBADO
334 480.01	7.500,00
334 780.01	2.000,00
338 480.02	500,00



C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
e-mail: info@mondariz.gal



Concello de Mondariz

--	--

TERCEIRO. Rexistrar a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto.

Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación. Na publicación do extracto deberá constar o código de identificación que asigne a BDNS á convocatoria.

A eficacia da convocatoria producirase coa publicación do extracto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

CUARTO. Designar como membros titulares da Comisión de Valoración ós seguintes:

- Técnico/a de cultura e xuventude: Catuxa Carballo Rodríguez.
- Técnico de Desenvolvemento Local: M^a Candida Lavandeira Troitiño.
- Técnico/a da Biblioteca: Sonia Iglesias Carrera.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ANEXO I: BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS DO AMBITO MUNICIPAL, PARA ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL REALIZADAS DURANTE O ANO 2023.

1.a.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións en réxime de concurrencia competitiva destinadas a apoiar e promover ás asociacións do termo municipal que invirtan en equipamento ou desenvolvan actividades culturais que contribúan ó fomento dos interese xerais ou sectoriais da veciñanza do Municipio de Mondariz durante ano 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes e polos importes sinalados a continuación:

APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
334 480.01	7.500,00
334 780.01	2.000,00
338 480.02	500,00

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación e o fomento de actividades que melloren e contribúan na participación comunitaria de todos os veciños e veciñas do concello de Mondariz, na realización de actividades de carácter lúdico, social, cultural, deportivo ou de tempo libre.

2.a.-BENEFICIARIOS/AS.

Serán beneficiarias as asociacións con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Mondariz para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral desenvolvidas dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 15 de decembro de 2023.

Terán a consideración de actividades ou programas de interese xeral, para os efectos da presente convocatoria, aqueles que fomenten a participación cidadá como medio de mellora da calidade de vida e das relacións veciñais e que se potencie o desenvolvemento das persoas, das aldeas e das parroquias do Concello de Mondariz mediante actividades de carácter lúdico, social, cultural ou tempo libre.

So serán subvencionables as recollidas na base terceira, deste documento.

As entidades terán que cumprir as seguintes condicións:

1) Poderán concorrer a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións que cumpran os requisitos e as finalidades desta convocatoria e que fomenten a participación entre os/as veciños/as con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Mondariz.



C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
e-mail: info@mondariz.gal



2) Para ser beneficiarias das axudas as entidades/asociacións de ámbito municipal deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Debe tratarse de entidades sen ánimo de lucro.
- Deben ter o domicilio fiscal ou sede no Concello de Mondariz.
- Deben desenvolver algunha das actividades de interese xeral para a veciñanza do municipio de Mondariz recollidas nestas bases.

- Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Mondariz no momento da convocatoria das presentes axudas.

- Ter os seus estatutos adaptados a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

- Non estar incuas nalgún dos supostos de incompatibilidade ou prohibición para obter a condición de beneficiarios de subvencións por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

- Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social e coa administración Tributaria (ATRIGA e AEAT), e non ser debedor do Concello de Mondariz por calquera tipo de débeda de dereito publico vencida, liquida e esixible.

- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas e percibidas con anterioridade dende o Concello de Mondariz, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- Achegar coa solicitude para concorrer na convocatoria a documentación que se detalla nestas bases reguladoras.

3) Os beneficiarios das axudas adquiren as seguintes obrigas:

- Realizar as actividades ou proxectos e cumprir os fins ou propósitos que fundamentan a concesión da subvención.

- Acreditar diante do Concello de Mondariz a realización da actividade na correspondente memoria.

- Deberá comunicarse calquera cambio que se faga en actividades subvencionadas en canto a horario, frecuencia, ou calquera outra alteración substancial da mesma.

- Facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades e programas subvencionados a colaboración do Concello de Mondariz.

- Cumprir as condicións que se determinan nestas bases e na concesión da subvención ou axuda,

así como nas Bases de Execución do Orzamento 2022 (base 28a) que teñen a consideración de bases xerais reguladoras das subvencións concedidas polo Concello de Mondariz.

- Someterse as actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia e as de control financeiro que correspondan a Intervención Xeral do Concello de Mondariz.

- Comunicarlle ao Concello de Mondariz a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración publica ou de particulares ou entidades privadas, así como doutros ingresos ou recursos que financien a actividade.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3.a.-ACTIVIDADES/PROXECTOS SUBVENCIONABLES.

Serán subvencionables as seguintes actividades/proxectos realizadas dentro do territorio do concello de Mondariz no ano 2023 nos seguintes ámbitos ou materias:

- IGUALDADE: equipamento e actividades que favorezan a igualdade e integración de persoas ou colectivos que poidan ser obxecto de discriminación, que potencien a cor responsabilidade e participación equitativa de mulleres e homes, que faciliten a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.
- TERCEIRA IDADE: equipamento e actividades que promovan a imaxe de persoas maiores sen estereotipos, así como campañas de envellecemento activo (marchas, sendeirismos, talleres, excursións, actividades deportivas...)
- XUVENTUDE E INFANCIA : equipamento e actividades que fomenten a educación en valores, o incremento da participación social da xuventude, a educación democrática e



o fomento da prosocialidade: formación para a vida activa, o desenvolvemento sostible, a protección do medio ambiente, o enriquecemento cultural e a adopción de hábitos de vida saudables.

- SAUDE E DEPORTE: equipamento e actividades que promovan os estilos de vida saudables(ximnasia, ioga, pilotes, aerobia, xornadas, conferencias, cursos, talleres....) e que socialice as prácticas deportivas.
- OCIO E TEMPO DE LECER : equipamento e actividades que promovan espazos de convivencia e encontro: obradoiros de traballos manuais, restauración, musica, lectura, danza, teatro, etc. Así como actividades e celebracións tradicionais como magostos, cacharelas, entroido, festas populares propias do municipio etc.
- CULTURA E MEDIO AMBIENTE: equipamento e actividades que fomenten os coñecementos sobre o patrimonio artístico, cultural e medioambiental (obradoiros de xogos tradicionais, cursos, seminarios, conferencias, coloquios, rutas, etc.)

Cada entidade solo poderá presentar un único proxecto ou actividade; en caso de ser varios se lle comunicara para que escolla o mais adecuado ou se escollera de oficio en función dos intereses xerais da cidadanía.

4.a.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Tendo en conta que os potenciais beneficiarios das axudas son persoas xurídicas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións de conformidade co artigo 14.2 da lei 39/2015 de 1 de outubro, a solicitude normalizada da convocatoria (Anexo I) debera presentarse no Rexistro Municipal exclusivamente por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Mondariz, e ira acompañada dos seguintes documentos:

- a) Documentos acreditativos da personalidade do solicitante (DNI, NIF, CIF) e estatutos polos que se rexe no caso das persoas xurídicas.
- b) Certificado dos datos bancarios relativos a entidade, numero de conta (IBAN), titularidade, que permitan facer efectivo o importe da subvención mediante transferencia, no caso de que a subvención sexa concedida.
- c) Memoria dos investimentos e actividades ou actuacións programadas ou realizadas, con indicación específica do seguinte: Liña para a que se solicita axuda (Liña 1 ou Liña 2), persoas participantes, actividades ou investimentos para as que se solicita axuda, calendario de programación ou realización da investimento ou actividade, persoas beneficiarias da investimento ou actividade e importes do gasto (sen IVE e con IVE). A Memoria deberá estar asinada electrónicamente polo representante da entidade.
- d) Declaración das solicitudes e concesións doutras axudas ou subvencións por parte dalgunha administración publica (Anexo II).
- e) Declaración xurada conforme o solicitante non esta incuso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas publicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003. Esta declaración esta incluída no anexo III.
- f) Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, debera acreditarse ante o Concello a calidade de representante da persoa física a que se lle encomende a realización de xestións en nome da primeira. (certificado acreditativo do acordo de solicitude e nomeamento do representante para as relacións co Concello).
- g) Documentación acreditativa dos criterios de valoración recollidos no apartado 7º das presentes bases (Declaración asinada polo/a secretario/a da asociación que certifique numero de socios da entidade, actividades municipais nas que colabora e antigüidade da mesma).

O prazo de presentación de solicitudes ira dende o día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e rematará o 15 de novembro de 2023.

A convocatoria de subvencións farase pública igualmente no taboleiro de edictos dixital do Concello e no portal de transparencia, podendo darlle difusión a través dos diferentes taboleiros de anuncios físicos do termino municipal, así como nas redes sociais institucionais.

As solicitudes deberan conter unha ficha para a entidade (anexo I) e para a actividade para a que solicita subvención. Esta ficha terá os datos completos da actividade/equipamento e os



Concello de Mondariz

datos de financiamento da mesma (anexo I). Cada entidade debera indicar para que concepto se pide a axuda (Liña 1: equipamentos ou Liña 2: actividades).

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederáse un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen mais tramites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

5.ª.-CREDITO ORZAMENTARIO, IMPORTES MÁXIMOS E CÁLCULO DA CUANTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONS.

Os fondos destinados a financiación das subvencións reguladas nestas bases serán os correspondentes ás aplicacións orzamentarias 338.48002, 334.78001 e 334.48001 por importe total de 10.000,00 euros, de acordo coa base 1ª coa seguinte desagregación:

- a) Liña 1. Equipamentos: 2.000 euros.
- b) Liña 2. Actividades: 8.000 euros.

Nembárgantes, e sempre que existen dispoñibilidades orzamentarias, estes fondos poderían ser suplementados coa incorporación dende outras partidas, previa modificación orzamentaria tramitada conforme a normativa vixente de aplicación.

En caso de non resultar suficiente o crédito dispoñible para aplicar o valor máximo de cada una das subvencións solicitadas, se realizara unha redución proporcional que determinaran a cantidade final a percibir por cada Entidade ou Asociación.

Cada entidade indicara o importe máximo que poderá xustificar para esta subvención, non podendo concederlle un importe superior.

O importe da axuda ou subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións supere o custo da actividade subvencionada.

Se procedera a valorar os proxectos/solicitudes atendendo os criterios de valoración establecidos nestas Bases, procedendo a un reparto proporcional dos fondos destinados a financiación destas subvencións, en función da puntuación acadada por cada solicitante tras a valoración, de acordo coa seguinte formula:

$Si = (Ps \times Fs) / Pt$.

Onde:

Is: Importe individualizado da subvención outorgada a cada solicitante.

Ps: Puntuación acadada polo solicitante valorado.

Fs: Fondos totais destinados a financiar estas subvencións (10.000,00 €)

Pt: Suma total da puntuación acadada pola totalidade dos solicitantes (suma das puntuacións individuais de cada un).

A concesión da subvención non xerara ningún dereito a súa percepción en futuras convocatorias.

6.ª.-ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

As solicitudes dirixiranse a Alcaldía de Mondariz nos prazos indicados nas presentes Bases.

A Concelleira de Facenda será o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

As valoracións das solicitudes e o estudo das correspondentes propostas de concesión de subvencións realizarase, previo informe da Intervención municipal, por unha Comisión de Valoración constituída ao efecto, que terá a seguinte composición:

- Un/unha técnico/a de cultura e xuventude.
- Un/unha técnico/a da área de Desenvolvemento Rural.
- Un/unha técnico/a da Biblioteca.

A comisión será a encargada de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas (nun prazo de 10 días). Ademais elaborara un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

- Nome da entidade e contía máxima da subvención a que opta.
- Se esta ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.



C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
e-mail: info@mondariz.gal



Concello de Mondariz

- Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpre de ser o caso.

Esta Comisión elevara unha proposta de concesión a Alcaldía que incluíra a relación de solicitantes que se propoñen para a concesión de subvencións, así como a cuantía, e especificándose tamén a súa puntuación, así como os motivos de desestimación do resto de solicitudes, no seu caso.

A Alcaldía será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións de acordo coas BEO 2023 e co artigo 21.1.f) da LBRL. Este acordo esgotara a vía administrativa.

7.ª.-TRAMITACIÓN E VALORACIÓN DE SOLICITUDES.

Establécense como criterios de valoración das solicitudes do réxime de concorrencia competitiva, os seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN COMUNS PARA AMBAS LIÑAS (ATA 25 PUNTOS).

Nivel de representatividade da asociación no territorio (número de socios/as): Ata 20 puntos (dous puntos por cada 10 socios ata o máximo de 100 socios valorables).

- 2 puntos por 10 socios.
- 4 puntos por 20 socios.
- 6 puntos por 30 socios.
- 8 puntos por 40 socios.
- 10 puntos por 50 socios.
- 12 puntos por 60 socios.
- 14 puntos por 70 socios.
- 16 puntos por 80 socios.
- 18 puntos por 90 socios.
- 20 puntos por 100 ou máis socios.

- Antigüidade da entidade no Rexistro Municipal de Entidades: Ata 5 puntos

- 2 puntos antigüidade de menos de 5 anos.
- 3 puntos por antigüidade de máis de 5 e 10 anos.
- 5 puntos por antigüidade de máis de 10 anos.

CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DE CADA LIÑA DE SUBVENCIÓN (ATA 40 PUNTOS)

Establécense como criterios específicos atendendo ao tipo de Liña para o que se solicita axuda, os seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN INVESTIMENTOS. LIÑA 1: Ata 40 puntos

Tipo de investimento realizada ou a realizar:

- 5 puntos por adquisición de equipamento de oficina.
- 10 puntos por adquisición de equipamento informático.
- 15 puntos por adquisición de equipamento acústico ou audiovisual.
- 20 puntos por adquisición doutro equipamento ou mobiliario para actividades específicas.

Finalidade do equipamento:

- 5 puntos no caso de investimentos relacionados co funcionamento ordinario da asociación.
- 15 puntos no caso de investimentos relacionados coas novas tecnoloxías.
- 20 puntos no caso de investimentos relacionados coas artes escénicas, iluminación e son.

CRITERIOS DE VALORACIÓN ACTIVIDADES. LIÑA 2: Ata 40 puntos

Nivel de colaboración e participación coas actividades de dinamización socio-cultural organizadas polo Concello de Mondariz: Ata 5 puntos.

- 2 puntos si se realiza unha actividade ao ano.
- 3 puntos si se realizan dos actividades ao ano.
- 5 puntos si se realizan tres ou máis actividades ao ano.



C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
e-mail: info@mondariz.gal



Concello de Mondariz

Colectivos aos que se dirixe a actividade:

- 5 puntos no caso de actividades para colectivos específicos (xuventude, muller, terceira idade)
- 10 puntos no caso de actividades para todos os colectivos indistintamente.

Actividades comunitarias para celebrar festas tradicionais: ata 5 puntos.

Déficit de actividades análogas no territorio de influencia: Ata 5 puntos.

Promoción da lingua galega como obxectivo da actividade: Ata 5 puntos.

Grao de innovación da actividade: Ata 10 puntos.

8.ª.-RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS.

O acordo de concesión da subvención publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, notificarase individualmente a cada un dos solicitantes. Todo elo, sen prexuízo da publicidade que resulte preceptiva na Base de Datos Nacional de Subvencións.

A resolución da concesión debera notificárselles expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna. En dita resolución indicaranse as actividades subvencionadas de acordo do punto 2 desta convocatoria

9.ª.-COMPROMISOS E OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedaran obrigadas a incorporar o escudo oficial do concello de Mondariz en calquera soporte físico (cartelería, trípticos etc) que se empregue para publicitar/anunciar as actividades obxecto de subvención, así como facer constar a colaboración do concello na difusión de ditas actividades.

1.- Os beneficiarios das subvencións outorgadas, viran obrigados a:

- a) Realizar a actividade que fundamentou a concesión da subvención nos prazos sinaládesnos Bases da convocatoria.
- b) Someterse as actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención por parte do Concello de Mondariz.
- c) Comunicar o Concello a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración Publica ou Ente publico ou privado.
- d) Facilitar canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas ou Consello descontas, no seu caso.

10.ª. - GASTOS SUBVENCIONABLES

Se consideran gastos subvencionables aqueles que resulten estritamente necesarios, respondan de maneira inusitada á natureza da actividade e teñan sido pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

En ningún caso o coste de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ó valor de mercado.

Admitiranse como gastos subvencionables os seguintes:

- a) Liña 1: os gastos de equipamento adquiridos para o funcionamento ordinario das asociacións (equipamento de oficina, equipamento informático, equipamento acústico ou audiovisual, e adquisición de outro equipamento ou mobiliario para actividades específicas).
- b) Liña 2: os gastos de actividades culturais e outras actividades que melloren ou contribúan a participación comunitaria de todos os veciños e veciñas.

Admitiranse como gastos subvencionables os seguintes:



C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
e-mail: info@mondariz.gal



Concello de Mondariz

1. Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc. (achegarase copia de materiais).
2. Gastos de materiais consumibles específicos das actividades.
3. Asistencias técnicas: monitores/as, docencia, etc.
4. Outros gastos relacionados coas actividades executadas.

Non serán subvencionables investimentos en equipamentos ou actividades que xa foran financiadas con outras axudas concedidas polo Concello de Mondariz.

En ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- Gastos individuais (non da entidade beneficiaria) como comidas, combustibles, taxi, así como gastos en concepto de dietas, estancias e viaxes do equipo directivo responsable do proxecto/actividade.
- Gratificacións ou regalos.
- As obras de reparación, consumo eléctrico, consumo de calefacción, consumo de auga, teléfono, fax, wéber, contas de correo.
- Premios de concursos, nin de sorteos.
- Os establecidos no artigo 31.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións: os intereses deudores das contas bancarias; intereses, recárgos e sancións administrativas e penais; os gastos de procedementos xudiciais.

11.ª.-XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS.

A entidade beneficiaria da subvención estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos, antes do día 15/12/2023.

A xustificación dos gastos conforme coa fin para a que a axuda foi concedida e a execución das actividades subvencionadas debera realizarse mediante a achega da conta xustificativa que debera incluír:

- Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu regulamento).

Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente na factura orixinal se inclúa a seguinte dilixencia asinada polo responsable da entidade veciñal: "ESTA FACTURA FOI PRESENTADA COMO XUSTIFICACION DE GASTO SUBVENCIONABLE NO CONCELLO DE MONDARIZ".

A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumplan os requisitos esixidos para súa aceptación no ámbito tributario.

- Xustificantes do pagamento das facturas:
 - a) No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
 - b) No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade veciñal.

- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou de entidade privadas.

Neste caso, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.



C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
e-mail: info@mondariz.gal



- Designación da conta bancaria na que se efectuaran os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesoureira municipal. (De non terse presentado con anterioridade)
- Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais. Conforme co artigo 24.4 do Rad. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá a estas certificacións naquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 €.
- Memoria económica, indicativa de todos os ingresos e gastos relacionados coa inversión ou coa actividade subvencionada e indicación expresa de que se realizou o fin para o que foi concedida a subvención.
Relación clasificada dos gastos por cada unha das inversións ou das actividades subvencionadas, con identificación do acredor e da factura ou documento equivalente, do seu importe, da data de emisión e da data de pagamento, de acordo co disposto no artigo 75 do R.D. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
Relación detallada por cada unha das actividades dos ingresos da entidade .
- Memoria descritiva da totalidade dos equipamentos ou das actividades subvencionadas. Conterá todos os datos da súa realización, participantes, horarios, lugar, duración, investimentos, así como o ámbito territorial de repercusión que tivera a actividade na atracción de visitantes á localidade debidamente acreditado por calquera medio que permita determinalo de forma obxectiva (provincial, comarcal, autonómico ou estatal).
Se hai unha desviación do proxecto presentado, xustificarase o cambio.

As subvencións xustificaranse antes do 15 de decembro de 2023. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase a revogación da mesma. A non presentación da conta xustificativa dentro do prazo sinalado dará lugar a perda da subvención.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenara o pago.

Cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta se verá reducida proporcionalmente.

12.ª.-CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO, REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR.

Os servizos técnicos municipais poderán solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal (BEO) en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumplan algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa, previa tramitación polo Concello de Mondariz do procedemento de reintegro das cantidades correspondentes conforme sinalan as BEO prorrogadas a 2023.

Os beneficiarios de subvencións quedaran sometidos as responsabilidades e réxime sancionador que sobre infraccións administrativas establecen los artigos 52 e seguintes alei 38/2003 Xeral de Subvencións, e, no seu caso, o disposto no artigo 350 do Código Penal, segundo a redacción dada pola Lei Orgánica 6/95, do 28 de xuño.



Concello de Mondariz

13.ª.-RÉXIME XURÍDICO.

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai publico aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

14.ª.-COMPROMISO DE PUBLICIDADE.

As entidades que sexan destinatarias das axudas recollidas nestas bases deberán sinalar na publicidade das actividades realizadas durante o ano 2023 a seguinte lenda “co apoio do concello de Mondariz”, seguido do escudo oficial do mesmo, coa excepción das actividades que xa foran realizadas en data anterior á publicación das presentes bases reguladoras.

No caso de adquisición de equipamentos, incorporárase nun lugar visible do equipamento a lenda “co apoio do concello de Mondariz”, seguido do escudo oficial do mesmo.

ANEXO I

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS DO ÁMBITO MUNICIPAL, PARA ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL REALIZADAS DURANTE O ANO 2023

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome:

Direción: _____

Localidade: _____ C.P. _____

Teléfono: _____

E-Mail: _____

CIF: _____ Nº e data Rexistro Municipal: _____

CARGOS DIRECTIVOS:

Presidente/a:

Vicepresidente/a: _____

Secretario/a: _____

Tesoureiro/a: _____

Vogais: _____

DATOS DO SOLICITANTE (REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE)



C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
e-mail: info@mondariz.gal



Concello de Mondariz

Nome: _____
Apelidos: _____
NIF: _____ Cargo: _____ Email: _____
Teléfono: _____

Importe total do Investimento ou Actividade para o que se solicita axuda:
_____ €

DOCUMENTACION APORTADA

- ☐ Documentos acreditativos da personalidade do solicitante (DNI, NIF, CIF).
- ☐ Certificado dos datos bancarios relativos á entidade, número de conta (IBAN), titularidade, que permitan facer efectivo o importe da subvención mediante transferencia, no caso de que a subvención sexa concedida.
- ☐ Memoria dos investimentos e actividades ou actuacións programadas ou realizadas, con indicación específica do seguinte: Liña para a que se solicita axuda (Liña 1 ou Liña 2), persoas participantes, actividades ou investimentos para as que se solicita axuda, calendario de programación ou realización da investimento ou actividade, persoas beneficiarias da investimento ou actividade e importes do gasto (sen IVE e con IVE). A Memoria deberá estar asinada electrónicamente polo representante da entidade.
- ☐ Declaración das solicitudes e concesións doutras axudas ou subvencións por parte dalgunha administración pública (Anexo II).
- ☐ Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003 (Anexo III).
- ☐ Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, deberá acreditarse ante o Concello a calidade de representante da persoa física á que se lle encomende a realización de xestións en nome da primeira (certificado acreditativo do acordo de solicitude e nomeamento do representante para as relacións co Concello) (Anexo IV).
- ☐ Documentación acreditativa dos criterios de valoración recollidos no apartado 7ª das presentes bases: Declaración asinada polo/a secretario/a da asociación que certifique o número de socios da asociación, antigüidade da asociación e actividades nas que colabora co Concello de Mondariz (Anexo IV).

En....., a..... de.....de 2023

Ado.: Representante Legal da Entidade.



C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
e-mail: info@mondariz.gal





C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
e-mail: info@mondariz.gal



Concello de Mondariz

ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS/SUBVENCIONES

Dº/Dª _____
con DNI nº _____ en calidade de Representante legal da
Entidade/asociación _____

solicitante das axudas do Concello de Mondariz para actividades de interés xeral para o ano 2023 en relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Axudas concedidas:

- ☐ Non se concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade.
- ☐ Sí se concedeu axuda para esta mesma finalidade:

Entidade que concede a axuda:	
Importe das axudas concedidas:	

Axudas solicitadas:

- ☐ Non se solicitou ningunha outra axuda para esta mesma finalidade:
- ☐ Sí se solicitou axuda para esta mesma finalidade:

Entidade que concede a axuda:	
Importe das axudas concedidas:	

E para que así conste, para os efectos oportunos, asina a persoa representante legal da entidade.

En....., a..... de.....de 2023

Ado.: Representante Legal da Entidade.



C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
e-mail: info@mondariz.gal



ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE CUMPRIMENTO REQUISITOS ART. 13 DA LEY GENERAL DE SUBVENCIONES

Dº/Dª _____
con DNI nº _____ en calidade de Representante legal da
Entidade/asociación _____

DECLARA

- ☐ Que dita entidade non se encontra incurso en ningunha das circunstancias recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Ley 38/2003, General de Subvencións, que impiden obter a condición de beneficiario.
- ☐ Que a entidade cumpre as obrigas que para os perceptores de axudas e subvencións establece o artigo 14 da mesma Lei.
- ☐ Que, en particular, a entidade non está incurso en algunha das circunstancias previstas na letra b) do artigo 13.2 da mesma Lei.

En....., a..... de.....de 2023

Ado.: Representante Legal da Entidade.



ANEXO IV

CERTIFICADO ACREDITATIVO DO ACORDO DE SOLICITUDE E NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE

Dº/Dª _____
con DNI nº _____ en calidade de Representante legal da
Entidade/asociación _____

DECLARA

Que esta entidade, mediante _____ (acuerdo/resolución/otro) de/da
_____ (presidencia/xunta diretiva/outros) de data _____,
acordou solicitar subvención de acordou coas Bases reguladoras para a
convocatoria das subvencións ás asociacións do ámbito municipal, para
actividades de interese xeral realizadas durante o ano 2023, para a
realización de

- ☐ Invetimentos en equipamentos. Liña 1
☐ Actividades. Liña 2

E designou como persoa representante a
_____, en calidade de
_____ (presidente/a, secretario/a/outros).

Que o número de persoas asociadas ou comuneras é de _____ persoas.

Que a antigüidade da asociación é de ____ anos, sendo contituida no
ano _____.

Que as actividades nas que colabora co Concello de Mondariz son:

- _____
- _____
- _____
- _____

En....., a..... de.....de 2023

Ado.: Representante Legal da Entidade.

